Deputación DA CORUÑA

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUSTO E RENDEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

EXERCICIO 2025



Servizo de Contabilidade
Maio 2026

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01

MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56

MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33

JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Deputación DA CORUÑA

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Estudo de custos 2025



Servizo de Contabilidade

Maio 2026

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Deputación DA CORUÑA

Autoras:

Mª Carmen Álvarez Vázquez, Xefa de Sección de Contabilidade III
Josefina Martínez Golpe, Xefa de Departamento III

Departamentos colaboradores:

Todos os departamentos de Deputación e Centros dependentes da mesma

Soporte técnico:

Aytos Soluciones Informáticas, S.L.U.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

INDICE

1.- INTRODUCIÓN 3

2.- DEFINICIÓNS PREVIAS 4

3.- MODELO DE CONTABILIDADE ANALÍTICA DA DEPUTACIÓN 7

3.1.- MODELO DE ESTUDO DE ACTIVIDADES VERSUS CENTROS DE CUSTO 7

3.2.- COMPOÑENTES DO MODELO 7

4.- AGREGADOS CONTABLES I: CENTROS DE CUSTO E ACTIVIDADES 15

5.- AGREGADOS CONTABLES II: ELEMENTOS DE CUSTO 22

5.1.- CUSTO DE PERSOAL 22

5.2.- ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS 25

5.3.- SERVIZOS EXTERIORES 25

5.4.- TRIBUTOS 25

5.5.- AMORTIZACIÓNS 26

5.6.- CUSTOS FINANCEIROS 26

5.7.- CUSTOS DE TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS 26

5.8.- CONSIDERACIÓNS FINAIS DE ELEMENTOS DE CUSTO 27

6.- AGREGADOS CONTABLES III: PROCESO FORMACIÓN CUSTO- RELACIÓNS ENTRE ESTRUTURAS 28

6.1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS 28

6.1.1.-Determinación do custo primario das actividades e centros de custo 28

6.1.2.- Determinación do custo das actividades finais 29

6.2.- FORMACIÓN DO CUSTO PRIMARIO 29

6.2.1.- Consideracións previas 29

6.2.2.-Distribución do custo primario de persoal ás actividades 38

6.2.3.- Distribución do custo de Adquisición de Bens e Servizos 40

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

6.2.4.-Distribución do custo de Servizos Exteriores 41
6.2.5.- Distribución do custo de tributos 52
6.2.6.- Distribución dos Custos financeiros 53
6.2.7.- Distribución de Custos de transferencias 53
6.3.- FORMACIÓN DO CUSTO FINAL DAS ACTIVIDADES PRINCIPAIS: CRITERIOS DE REPARTICIÓN 54
6.3.1.- Criterios de repartición por tipoloxía de actividades 54
6.3.2.- Criterios de repartición por tipoloxía de Centros de Custo 57
7.- ELEMENTOS DE INGRESO 58
8.- INDICADORES DE ACTIVIDADES FINAIS: INDICADORES DE XESTIÓN 64
9.- CONSIDERACIÓNS FINAIS 66

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

1.- INTRODUCIÓN

A contabilidade analítica configúrase como un dos instrumentos que permite obter información útil para a toma de decisións no ámbito da xestión dos recursos, tanto na empresa privada como no sector público.

A actuación das Administracións Públicas non só debe estar presidida polo cumprimento da legalidade vixente, senón que é necesario que esa actuación se desenvolva co emprego do menor número posible de recursos económicos e alcanzando os obxectivos prefixados.

Existe unha crecente preocupación no Sector Público español en tentar mellorar a eficiencia dos servizos implantando instrumentos que permitan implementar a racionalidade na xestión dos recursos públicos a través de axudas á orzamentación, planificación e control do gasto, fundamentalmente.

Pois ben, unha das técnicas fundamentais para logralo é a que achega a Contabilidade Analítica, entendida non como un esforzo puntual senón como un Sistema que permita a obtención periódica de información relevante.

Como antecedentes normativos e prácticos nesta materia dentro do ámbito público xeral e local, destacan as seguintes referencias:

- Manual de Contabilidade de Custos para as Corporacións Locais(1976)
- Lei Xeral Orzamentaria de 1977
- Plan Xeral de Contabilidade Pública de 1981
- Plan Xeral de Contabilidade Pública Grupo 9 contabilidade analítica (IGAE 1983)
- Proxecto CANOA (Contabilidade analítica normalizada de organismos autónomos IGAE-1994)
- Principios Xerais sobre Contabilidade Analítica das Administracións Públicas. (IGAE-2004)
- Guía para a Implantación dun Sistema de Custos na Administración Local (FEMP- 2006)
- Manual de Procedemento para a implantación dun sistema de custos na Administración Local (FEMP-2011)
- Resolución do 28/07/2011 da IGAE, pola que se regulan os criterios para a elaboración da información sobre os custos de actividades e indicadores de xestión a incluír na memoria das contas anuais do PGCP (IGAE-2011)
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aprova a Instrución do modelo normal de contabilidade local (ICAL 2013)

Desde o ano 2009 ata o 2014 (ambos inclusive), o Servizo de Contabilidade da Deputación elaborou con periodicidade anual o correspondente estudo de custos de cada exercicio, co obxecto de dar cumprimento á esixencia da obtención da memoria de custos e

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

rendemento dos servizos públicos que debe de acompañar á Conta Xeral, mellorando, á súa vez, a calidade da información contable desta Entidade a través da obtención de información relativa aos custos das actividades realizadas e aos indicadores de xestión.

A entrada en vigor, con data do 1 de xaneiro de 2015, da nova Instrución de contabilidade para a Administración Local, aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, supón un cambio importante na información a incluír na memoria anual, o que obrigou a facer adaptacións informáticas nas aplicacións contables dos Entes Locais.

Como referencias para a elaboración da información de custos correspondente ao exercicio 2025 consideráronse todos os manuais e normativa indicada anteriormente, e en especial as dúas normas máis actualizadas de aplicación, que lembramos son:

- A Resolución do 28/07/2011 da IGAE, pola que se regulan os criterios para a elaboración da información sobre os custos de actividades e indicadores de xestión a incluír na memoria das contas anuais do PGCP.

- A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a nova Instrución de contabilidade para a Administración Local (modelo normal).

2.- DEFINICIÓNS PREVIAS

Inclúense os conceptos máis relevantes recollidos no documento *"Principios Xerais sobre Contabilidade Analítica das Administracións Públicas"* (a partir de agora IGAE/2004) así como na Resolución do 28/07/2011 da IGAE.

Sistema de Contabilidade Analítica: Conxunto de técnicas contables que permiten o estudo dunha organización, tanto desde o punto de vista orgánico como funcional, mediante a análise detallada dos seus compoñentes co obxectivo de obter información relevante sobre o proceso de formación de custos e ingresos tanto temporal como cualitativamente, de maneira eficiente.

Custo: É a valoración monetaria dos consumos necesarios realizados ou previstos pola aplicación racional dos factores produtivos na obtención dos bens, traballos ou servizos que constitúen os obxectivos do suxeito contable.

Ingresos: A Contabilidade Analítica aplicada ao ámbito público tratará todos os ingresos, calquera que sexa a súa natureza, aparezan ou non vinculados á actividade que se realice. Desta forma consideraranse ingresos os derivados da venda dos bens ou servizos prestados polo ente, os procedentes de multas e sancións que garden relación coas actividades realizadas e as cantidades recibidas en concepto de transferencia, pública ou privada.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Obxecto de Custo: Mediante tal expresión faise referencia a toda magnitude mensurable en termos de Contabilidade Analítica que, por ser relevante para a toma de decisións nos ámbitos de planificación e control dentro dunha organización, convértese en obxectivo de cálculo no proceso de determinación de custos. Clasifícanse en:

- *Elementos de Custo*: Son elementos de custo cada unha das categorías significativas en que se clasifican os consumos dunha organización agrupados polas súas características económicas e o nivel de información que requira o suxeito contable.

- *Centro de Custo*: Lugar, físico ou non, onde, como consecuencia do "proceso produtivo", consómese toda unha serie de recursos que se incorporan ás actividades, entendidas estas en un sentido amplo como o conxunto de operacións de todo tipo que crean produtos e servizos.

- *Actividades*: Actividade é o conxunto de actuacións que ten como obxectivo a utilización combinada de factores nun proceso produtivo para obter bens ou prestar servizos, coa suficiente importancia relativa como para determinar a súa individualización.

Cargas Incorporables: Aquelas que sexan atribuíbles ao suxeito contable por formar parte do custo dun ou varios centros e/ou actividades para o período en estudo. Pódense corresponder con gastos do orzamento ou cálculos internos do ente ou estar integrados no orzamento ou cálculo interno doutro Ente Público.

Cargas non Incorporables: Aquelas que non se considera que contribúen a formar o valor engadido da actividade produtiva da organización, ben por razón do período (custos doutros exercicios), por non corresponderse coas actividades propias da organización, ou ben pola súa natureza (adquisición de inmobilizado, adquisición de materias almacenables).

Grao de cobertura de custos: Diferenza entre os custos das actividades e os ingresos a elas vinculados e que poñerá de manifesto en que medida estes, os ingresos, financian a aquelas, as actividades.

Custo primario de actividades: Total de custos que foron asignados a unha actividade directa, indirectamente ou como consecuencia da imputación de custos pendentes de un ou varios centros.

Criterios de repartición: Ferramenta formal que permite distribuír os elementos de custo entre distintos obxectos de custo (centros, actividades) ou entre os diversos obxectos de custo nas súas relacións entre si. A clave de repartición estará constituída por un factor cuxa medida é facilmente determinable e cuxo valor é proporcional ao verdadeiro consumo de custos.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

<u>Persoa equivalente</u>: O concepto de persoa equivalente utilizado pola IGAE equivale a un parámetro que fai homoxénea a relación persoa/tempo atendendo ás situacións individuais (baixa, absentismo, tipo de xornada laboral) de cada persoa, e a súa relación cos obxectos de custo para un período determinado. Esa relación fai que se considere como base de proporción (unha persoa equivalente) a prestación da xornada que en cada caso se considere normal ou habitual.

Exemplo.- Unha persoa traballa media xornada por solicitar redución da mesma. Considérase 0,5 persoa equivalente respecto dunha persoa que traballa a xornada completa.

Os datos de partida necesarios para determinar as persoas equivalentes, e que normalmente se extraen do *Sistema informático de xestión de persoal* en base ás fichaxes e xustificacións de ausencia efectuados polo persoal durante o exercicio son os seguintes:

1º. Nº de horas teóricas a realizar por empregado

2º. Nº de horas efectivamente realizadas

Como se indica no apartado 5.1 "CUSTO DE PERSOAL" (no punto "Custo calculado") o número de horas efectivamente realizadas foi proporcionado polo departamento de persoal en base ás fichaxes realizadas polo mesmo.

O resultado de dividir o nº de horas efectivamente realizadas entre o nº de horas teóricas a realizar por un empregado de iguais características que traballase a xornada completa durante todo o ano, dános o dato de persoa equivalente, que será 1 cando o nº de horas realizadas é igual ao nº de horas teóricas do colectivo ao que pertence o empregado e menor a 1 cando é maior o nº de horas teóricas ás horas realizadas. Tamén foi igual a 1 para aquel persoal no que o nº de horas realizadas foi superior ao nº de horas teóricas do colectivo.

Unha vez calculado o dato de persoa equivalente por cada empregado, utilizouse este dato como criterio de repartición para as seguintes actividades:

- *9M "Servizo de prevención de riscos laborais"*
- *9I "Servizos xerais de Recursos humanos"*
- *2A "Acción social a favor do persoal"*
- *9S e 9S-1 "Representación do persoal"*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

3.- MODELO DE CONTABILIDADE ANALÍTICA DA DEPUTACIÓN

Ata o ano 2014 a definición do modelo de contabilidade analítica da Deputación, inspirouse, ademais de nos principios xerais establecidos pola IGAE, na metodoloxía utilizada polo Comité Científico Académico da Oficina de Cooperación Universitaria para a elaboración do "*Libro Blanco de los costes en las Universidades"* (Edición marzo-2007- Oficina de Cooperación Universitaria, S.A.).

No entanto, coa entrada en vigor da nova ICAL/2013, o modelo de custos deberá adaptarse, ademais, aos criterios establecidos na Resolución da IGAE do 28 de xullo de 2011.

3.1.- MODELO DE ESTUDO DE ACTIVIDADES VERSUS CENTROS DE CUSTO

Aínda que a IGAE/2004 contempla tres posibilidades aceptables de "Sistemas de traballo de contabilidade analítica nas Administracións públicas" (modelo que contempla só o estudo de centros de custo, modelo que contempla só o estudo de actividades e modelo que contempla o estudo de centros de custo e actividades), da Resolución do 28 de xullo de 2011 parece desprenderse como modelo a seguir só o último, é dicir o que contempla centro de custos e actividades, que é o que se utiliza no exercicio 2025 coas seguintes particularidades:

- Definíronse só centros de custo significativos.
- Todos os centros de custo definidos no modelo relacionáronse cunha ou máis actividades.
- Non todas as actividades definidas no modelo están asociadas a centros de custo.

En resumo, expúxose un modelo no que se incluíron por unha banda, centros de custo e actividades relacionados con estes centros, e por outra banda, actividades non relacionadas con ningún centro de custo.

3.2.- COMPOÑENTES DO MODELO

O modelo de contabilidade analítica en Deputación integra os seguintes compoñentes:

A. Centros de Custo
B. Actividades/Servizos
C. Elementos de custo
D. Elementos de ingreso
E. Relacións internas entre estruturas

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

F. Criterios de repartición e imputación
G. Outputs de información

A. Centros de Custo

O obxectivo de calquera organización nun estudo destas características é, ademais de saber cal é o custo dos seus produtos/actividades finais, saber en que medida cada un dos compoñentes da organización incorren no proceso de formación destes custos.

A IGAE 2004 define o Centro de Custo como cada unha das unidades significativas en que se considera dividida unha organización co obxectivo de obter unha información suficiente para a análise de custos respondendo á pregunta ¿de quen consome?

Así, un centro de custo sería unha unidade mínima de xestión á que se lle pode atribuír todas ou algunhas das seguintes características: actividade homoxénea, único responsable, unha localización, uns obxectivos propios e unha responsabilidade definida.

A determinación desa unidade mínima de xestión non é tarefa fácil para unha organización complexa como a Deputación, dada a dificultade que comporta que nunha mesma "unidade" aglutinar as características anteriores, por iso é polo que para este estudo de custos optouse por definir só Centros de Custo que encaixasen ao máximo dentro da definición da IGAE. Por este motivo, neste modelo non todas as actividades estarán asociadas a centros de custo.

A tipoloxía de Centros de Custo que se utilizou neste estudo, responde o seguinte detalle:

- *Centro Principal (CPR)*.- Centro que realiza unha ou varias actividades que configuran o proceso produtivo dunha organización determinada, contribuíndo de maneira inmediata á formación do valor engadido en que consiste este proceso.

- *Centro Mixto (CMI)*.- Centro que participa simultaneamente das características de dous ou máis tipos de centros.

B. Actividades/Servizos

A IGAE/2004 define como actividade o "*conxunto de actuacións que teñen por obxecto a obtención, mediata ou inmediata dun produto, ben ou servizo, mediante un proceso produtivo no que se incorpora un valor engadido*"; e o produto ou servizo será o "*ben ou servizo resultado dunha actividade ou dun conxunto delas. Nivel máximo de desagregación dunha actividade*".

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

En canto á Resolución do 28 de xullo de 2011, concreta máis a definición ao indicar que é o "*conxunto de actuacións que ten por obxectivo a utilización combinada de factores nun proceso produtivo para obter bens ou prestar servizos, coa suficiente importancia relativa como para determinar a súa individualización*".

Nestas definicións vese que existe unha identificación conceptual entre actividade e produto ou servizo, despois de que para obter un ben ou servizo é preciso realizar determinadas tarefas ou actividades.

Con todo, nun sentido máis estrito, non todas as actividades están vinculadas á obtención de bens ou servizos destinados directamente ao seu goce polos usuarios que os demandan. Ao contrario, en todas as organizacións é preciso levar a cabo toda unha serie de tarefas que non se relacionan de forma inmediata cos consumos efectuados polos usuarios finais.

En calquera caso, toda actividade, sexa cal sexa a súa natureza, caracterízase porque orixina unha serie de inputs ou consumos de factores -representados polos correspondentes elementos de custo- e xera un conxunto de outputs, con independencia de que estes sexan destinados o seu uso por clientes externos ou internos á organización -si se consumen no desenvolvemento doutras actividades ou constitúen tarefas necesarias para o soporte e funcionamento xeral desta.

No noso modelo, distínguense 5 tipos de actividades:

- *Actividade Finalista ou Principal (APR)*: Actividade tendente á realización inmediata dos outputs, bens e servizos, que constitúen o obxectivo dunha organización.

- *Actividade Anexa (AAN):* Actividade que non se considera imprescindible para a realización das funcións produtivas dunha organización.

- *Actividade Auxiliar (AAU):* Actividade que serve de soporte ao proceso produtivo dunha maneira mediata.

- *Actividade - Organización (AOR):* Actividade que recolle aquelas cargas que non son atribuíbles a unha actividade en concreto do ente por responder a custos derivados de accións tales como, nalgúns casos, unha campaña institucional de imaxe desta corporación.

- *Actividade Directiva, Administrativa e Xeral (ADA):* Actividade realizada polos centros de igual denominación, ou polos centros mixtos no seu caso, que constitúen o soporte administrativo e de dirección de toda organización. A súa diferenza coas actividades auxiliares radica, fundamentalmente, en non estar relacionadas directamente co proceso produtivo como tal.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5d52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

C. Elementos de Custo

Os elementos de custos, constitúense como agregados contables de primeiro nivel que haberá que ter en consideración na análise da estrutura do proceso de formación do custo das actividades finais da Deputación.

A IGAE defíneos como "cada unha das categorías significativas en que se clasifican os consumos dunha organización, agrupados polas súas características económicas e o nivel de información que requira o suxeito contable" (IGAE 2004 e Resolución do 28 de xullo de 2011).

No caso de Deputación, o nivel de información utilizado foi a clasificación económica do orzamento de gastos. Os compoñentes desta clasificación materialízanse, fundamentalmente, nas obrigacións recoñecidas anualmente a cargo do orzamento, e nos cálculos internos efectuados pola propia Deputación, tales como as amortizacións.

Así mesmo deben terse en conta, no seu caso, as operacións devindicadas pendentes de aplicar ao orzamento (OPAS) contabilizadas na conta 413 do Plan Xeral de Contabilidade Pública. As OPAS que se computen no exercicio N como custo e que se apliquen a orzamento no exercicio N+1, terán que considerarse como non imputables neste último exercicio.

Como catálogo de elementos de custo, tidos en conta neste estudo, destacan:

- *Custos de persoal* : Retribucións ao persoal, calquera que sexa a forma ou o concepto polo que se satisfán, cotas a cargo da entidade aos réximes de Seguridade Social e de pensións do persoal ao seu servizo e os demais custos de carácter social do persoal dependente da mesma. Tamén se incluirá como custo calculado o absentismo laboral.

- *Adquisición de bens e servizos:* Recolle o custo de mercadorías e demais bens consumidos polos centros e/ou as actividades que realizou o Organismo no exercicio económico que pola súa escasa importancia non teña a calidade de almacenable. Comprende tamén os traballos, que formando parte do proceso de produción propia, se encarguen a outras empresas.

- *Servizos Exteriores:* Servizos de natureza diversa adquiridos pola entidade (non incluídos en adquisición de bens correntes e servizos que formen parte do proceso de produción), que non forman parte do prezo de adquisición do inmobilizado ou dos investimentos financeiros temporais.

    - *Custos de investigación e desenvolvemento do exercicio*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- *Arrendamentos e Canóns:* Importe aboado polo aluguer de bens, mobles e inmobles, así como as cantidades fixas ou variables que se aboan polo dereito ao uso ou á concesión de uso das distintas manifestacións da propiedade industrial.
- *Reparacións e conservación:* Custo de sostemento dos bens contabilizados no Grupo 2 do Plan de contas.
- *Transportes*
- *Servizo de profesionais independentes*
- *Subministracións:* Recolle o custo daqueles elementos de abastecemento que teñen a característica de non almacenables.
- *Servizos bancarios e similares*
- *Publicidade, propaganda e relacións públicas*
- *Comunicacións*
- *Custos diversos*

➢ *Tributos.* Tributos esixidos á entidade cando esta sexa contribuínte, excepto, si os tributos deben incluírse noutros conceptos, como os que incrementan o gasto por compras realizadas.

➢ *Custos calculados (amortizacións):* Importe da depreciación efectiva sufrida polo inmobilizado material ou inmaterial, pola súa aplicación ao proceso produtivo

➢ *Custos financeiros* A consideración de custos financeiros vén referida a aqueles determinados de maneira explícita. En calquera caso, en xeral, non se considerarán como un custo identificable cun centro ou actividade concreta e terán, como consecuencia, a consideración de custos incorporables como un sobrecusto ou suplemento do resto. Imputaranse á actividade-organización.

➢ *Custos de transferencias*: As transferencias que entrega o Organismo a outros entes terán a consideración de custo no caso de que estas sexan xestionadas polo Organismo concédente por formar parte da súa actividade.

D. Elementos de Ingreso

Os entes que integran as Administracións Públicas non constitúen organizacións que necesariamente operan nos mercados en condicións de competencia, financiando as súas operacións unicamente cos recursos que son capaces de xerar. Unha parte moi importante dos seus ingresos está completamente desvinculada da estrutura produtiva da organización, entendéndose esta vinculación como “non retribución” dos custos.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Así, os ingresos de Deputación non proveñen exclusivamente de taxas e prezos públicos derivados dos servizos prestados, senón que as súas actividades son, en gran medida, financiadas a través de transferencias e/ou subvencións.

O problema fundamental que se dá no ámbito dos elementos de ingreso, é a imposibilidade de conseguir unha completa vinculación directa entre os mesmos e as actividades que desenvolve o Ente, e en consecuencia a incapacidade do modelo de contabilidade analítica para informar sobre a rendibilidade destas actividades.

Agora ben, tendo en conta que nunha organización desta natureza a rendibilidade económica das actividades preséntase como un concepto carente de sentido e importancia, resulta máis correcto falar das chamadas marxes ou graos de cobertura, como indicadores que representan a capacidade que teñen as actividades realizadas e servizos prestados para autofinanciarse, e, no seu caso, as necesidades de financiamento.

Por tanto, aínda que nun principio poderiamos considerar a posibilidade de non tratar os ingresos no modelo de contabilidade analítica, considérase que a información que poden achegar os indicadores expostos pode ser moi útil para o xestor. Así, a propia IGAE establece que *"todo ingreso recibido por una organización tendrá la consideración de ingreso tratable por el Sistema de Contabilidad Analítica, independientemente de su afectación o no a una actividad concreta o de su consideración como ingreso corriente o de capital".* A Resolución 28/7/11 da IGAE fai fincapé na necesidade de individualizar ao máximo os ingresos de xeito que se relacionen con todas ou con algunhas das actividades finalistas da organización, sempre que sexa posible.

Do mesmo xeito que no caso de gastos, a clasificación económica do orzamento determina a natureza do ingreso que pode ser:

- *Taxas*
- *Prezos Públicos*
- *Transferencias Correntes*
- *Transferencias de Capital*
- *Outros Ingresos*

En todo caso, outra clasificación básica a ter en conta será a seguinte:

- *Ingresos afectados ás actividades*
- *Ingresos non afectados ás actividades*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Nunha liña similar manifféstase a FEMP a través do seu manual de procedemento para a implantación dun sistema de custos na Administración Local.

E. Relacións Internas entre Estruturas

Expostos os compoñentes que integran o modelo, o seguinte paso consiste en definir as diferentes posibilidades de interrelación entre os mesmos, o que dará lugar á concreción do modelo.

Como xa se sinalou anteriormente, a entrada en vigor da nova ICAL e a aplicación do indicado na Resolución do 28 de xullo de 2011, supuxo un importante cambio na definición do modelo dado principalmente pola nova relación entre estruturas. Así, a diferenza do modelo anterior, as estruturas de elementos de custo, ingreso, centros e actividades, desagregáranse de acordo cunha estrutura de árbore, con centros/actividades de nivel superior e centros/actividades de nivel inferior que descenden dos anteriores.

En este novo modelo a adscrición dun centro/actividade a algunha das tipoloxías definidas anteriormente no apartado B., terá consecuencias en canto ao seu comportamento na determinación dos custos da organización, xa que dependendo do tipo de centro/actividade receptor de custos admitirase un centro/actividade prestador. Esta limitación condicionou, en moitos casos, a definición de centros/actividades realizada neste estudo para facilitar as reparticióńs.

As posibles reparticióńs entre estruturas son os seguintes:

- De centros de nivel superior a centros de último nivel
- De custos pendentes en centros non asignados previamente ás actividades realizadas por este centro
- De actividades auxiliares de nivel superior a actividades auxiliares de último nivel
- De actividades auxiliares de último nivel a centros non auxiliares de último nivel
- Custos de centros procedentes de actividades auxiliares a actividades
- De actividades ADA de nivel superior a actividades ADA de último nivel
- De actividades ADA de último nivel a actividades non ADA de último nivel
- Do resto de actividades de nivel superior a actividades de último nivel

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Como se verá máis adiante, ditas relacións constitúen en si mesmas fases da determinación dos custos dos produtos e da relación destes custos cos ingresos xerados pola actividade do ente.

F. Criterios de Repartición

No caso de custos indirectos será preciso levar a cabo un proceso de asignación de custos que nos obriga a establecer uns criterios de repartición entre as distintas actividades e, no seu caso, entre os centros de custo definidos e as súas actividades relacionadas.

Tal e como establece a IGAE/2004, o lóxico será empregar técnicas estatísticas para a elección da base de asignación do consumo do obxecto de custo.

Neste novo modelo os denominados criterios de repartición utilizaranse tanto para distribuír os elementos de custo entre os centros/actividades, cando a imputación directa non sexa posible, e os custos dos centros/actividades prestadores aos seus posibles centros/actividades receptores. Son tanto unidades físicas como relativas (porcentaxes).

Os distintos subsistemas que interrelacionan co Sistema de Contabilidade Analítica, intercambiando información, son os seguintes:

- Sistema de xestión de persoal
- Sistema de xestión de gastos
- Sistema de xestión de inmobilizado
- Sistema de xestión de ingresos

G. Outputs de información

Por último, o modelo complétase coa obtención da información resultante do procesamento dos datos de entrada de conformidade cos fluxos, criterios e bases de repartición definidos no mesmo.

Os estados numéricos obtidos directamente da aplicación informática serán os que figuran nos puntos 26 e 27 da Memoria da Conta Xeral do exercicio 2025:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- *Resumo xeral de custos da entidade*
- *Resumo do custo por elementos das actividades*
- *Resumo de custos por actividade*
- *Resumo relacionando custos e ingresos das actividades*
- *Indicadores de xestión*

4.- AGREGADOS CONTABLES I: CENTROS DE CUSTO E ACTIVIDADES

De acordo coas formulacións expostas ao longo deste documento, elaborouse unha lista de Centros de Custo e Actividades, de conformidade co detalle que se mostra a continuación:

CLASIFICACIÓN CENTROS DE CUSTO		
Código	**Descrición**	**Tipo de centro**
3C	CENTRO ROSALIA MERA	Principal (CPR)
9E	IMPRENTA PROVINCIAL	Mixto (CMI)
9AC	PAZO PROVINCIAL	Mixto (CMI)
9AD	EDIFICIO REGO DE AUGA	Mixto (CMI)
9AE	EDIFICIO ADMINISTRATIVO ARCHER M.HUNTINGTON	Mixto (CMI)
9AF	PAZO DE MARIÑÁN	Mixto (CMI)
9AH	EDIFICIO A MILAGROSA	Mixto (CMI)
9AL	EDIFICIO F.I.EMILIO ROMAY	Mixto (CMI)

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE PRINCIPAL (APR)	
Código	**Descrición**
1A	PROTECCIÓN CIVIL
1B	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
1C	ACTUACIÓNS EN URBANISMO
1D	SANEAMENTO, ABASTECEMENTO E DISTRIBUCIÓN DE AUGAS
1E	LIMPEZA, RECOLLIDA, ELIMINACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE PRINCIPAL (APR)	
Código	**Descrición**
1F	BENESTAR COMUNITARIO: CEMITERIOS, ILUMINACIÓN PÚBLICA E OUTROS
1G	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE
1J	SEGURIDADE E ORDE PÚBLICA
1K	SUBVENCIÓNS A CONCELLOS. SERVIZOS PRESTACIÓN OBRIGATORIA
2B	SERVIZOS XERAIS DE SERVIZOS SOCIAIS
2C	ATENCIÓN Á INFANCIA NO F.I. EMILIO ROMAY
2D	ATENCIÓN Á INFANCIA NO CENTRO DE DIA DE MENORES DE FERROL
2E	ACCIÓN SOCIAL
2F	POLITICAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN
2G	PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, SOLIDARIEDADE E VOLUNTARIADO
2H	PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE COMUNIDADES GALEGAS
2I	ACCIÓNS DE FOMENTO DE EMPREGO
2J	ACCIONES COVID-19
3A	EDUCACION INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA
3C-1	SERVIZO DE ALOXAMENTO DE ESTUDANTES NO CENTRO ROSALIA MERA
3C-2	ENSINO SECUNDARIO NO I.E.S. ROSALIA MERA
3C-4	SERV.UTILIZACIÓN AULAS E TALLERES DO IES ROSALIA MERA
3D	ENSINO SECUNDARIO NO I.E.S. PUGA RAMÓN
3E	ENSINO ARTÍSTICO NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA
3F	ACCIÓNS PARA A PROMOCIÓN EDUCATIVA
3G	BIBLIOTECA PROVINCIAL
3I	PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, LECER E TEMPO LIBRE
3J	MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO DE CARÁCTER CULTURAL
3K	PROTECCIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ART.
3L	FOMENTO DÁ LINGUA GALEGA
3M	EQUIPAMENTO E PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
3N	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
3O	TEATRO COLÓN
4A	ACTUACIÓNS EN AGRICULTURA, GANDERIA E PESCA

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE PRINCIPAL (APR)	
Código	**Descrición**
4B	FOMENTO INDUSTRIAL
4C	ENERXÍA
4D	FOMENTO DO COMERCIO, DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E PROFESIONAL
4F	PROMOCIÓN TURÍSTICA
4H-3	EXPEDICIÓN LICENCIAS AUTORIZACIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS
4I	ESTRADAS, TRAVESÍAS E OUTRAS INFRAESTRUTURAS PROVINCIAIS
4J	ESTRADAS, CAMIÑOS E OUTRAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS
4K	ACTUACIONS RELATIVAS A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E ANÁLOGOS
4L	INVESTIGACIÓN E ESTUDOS RELACIONADOS COS SERV.PUBLICOS
9AF-1	PAZO DE MARIÑÁN. ACTIVIDADES EXTERNAS
9AI	XESTIÓN DE PATRIMONIO MUNICIPAL
9AM	DEREITOS CIVIS
9C-3	EXPEDICION DE DOCUMENTOS
9E-1	PUBLICACIÓN BOLETÍNS
9E-2	PUBLICACIÓN DE LIBROS, FOLLETOS, REVISTAS E OUTROS
9N-3	FORMACIÓN FUNCIONARIOS EELL
9P	PUNTO DE INFORMACIÓN EUROPEO
9V	ASISTENCIA TÉCNICA, INFORMÁTICA, XURÍDICA E ECONÓMICA ÁS EELL
9Y	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE ANEXA (AAN)	
Código	**Descrición**
3H	ARQUIVO PROVINCIAL
3H-1	ARQUIVO NO EDIFICIO EMILIO ROMAY
9AG	ALMACEN SABÓN
9F	PARQUE MÓBIL
9O-1	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA DEPUTACION
9X	ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE AUXILIAR (AAU)	
Código	**Descrición**
2A	ACCIÓN SOCIAL A FAVOR DO PERSOAL
3D-1	IES PUGA RAMÓN NA MILAGROSA
9AB	SERVIZOS XERAIS DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO
9AB-1	ARQUITECTURA NA MILAGROSA
9B	SERVIZO DE ASESORIA XURÍDICA
9B-1	ASESORIA XURIDICA NA MILAGROSA
9B-2	XORNADAS ASESORÍA XURÍDICA NO PAZO DE MARIÑÁN
9I	SERVIZOS XERAIS DE RECURSOS HUMANOS
9J	INFORMÁTICA E ADMÓN.ELECTRÓNICA
9J-1	ASISTENCIA INFORMÁTICA Á DEPUTACIÓN
9J-2	ASISTENCIA INFORMÁTICA AOS CONCELLOS
9K	SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE
9K-1	SISTEMAS E SOPORTE. ASISTENCIA DEPUTACIÓN
9K-2	SISTEMAS E SOPORTE. ASISTENCIA EELL.
9M	SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
9N	FORMACION
9N-1	FORMACIÓN FUNCIONARIOS EELL.
9N-2	FORMACION FUNCIONARIOS DEPUTACIÓN
9S	REPRESENTACIÓN DO PERSOAL
9S-1	REPRESENTACION DO PERSOAL NA MILAGROSA

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE DE ORGANIZACIÓN (AOR)	
Código	**Descrición**
9A	GABINETE DA PRESIDENCIA E GRUPOS POLITICOS
9C	SERVIZOS XERAIS DE SECRETARIA XERAL
9C-2	ACTIVIDADES XERAIS DEPUTACIÓN
9E-3	IMPRENTA PROVINCIAL.IMPRESOS
9Ñ	SERVIZOS XERAIS ADMINISTRATIVOS
9O	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE DE ORGANIZACIÓN (AOR)	
Código	**Descrición**
9Q	INFORMACIÓN E REXISTRO
9R	SERVIZOS INTERNOS

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE DIRECTIVA, ADMINISTRATIVA E XERAL (ADA)	
Código	**Descrición**
2D-1	ACTIVIDADES DO CENTRO DE DIA DE FERROL NO PAZO DE MARIÑAN
2E-1	ENCONTRO SERVIZOS SOCIAIS NO PAZO DE MARIÑAN
3G-1	XORNADA PROVINCIAL DE BIBIOTECAS NO PAZO DE MARIÑAN
4F-1	PROMOCION TURISTICA NO PAZO DE MARIÑAN
4H	SERVIZOS XERAIS DE VÍAS E OBRAS
4H-2	REDACCIÓN E SEGUIMENTO DE PROXECTOS DE VÍAS PROVINCIAIS
9A-1	ACTIVIDADES CORPORACION PAZO DE MARIÑAN
9AJ	TESOURERÍA
9AM-1	XORNADA MEMORIA HISTÓRICA DA PROVINCIA NO PAZO DE MARIÑÁN
9D	SERVIZOS XERAIS DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
9D-1	ALMACEN DE PATRIMONIO NA MILAGROSA
9G	SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
9G-2	CONGRESO PROMOCIÓN ECONÓMICA NO PAZO DE MARIÑÁN
9H	DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
9H-2	XORNADA MICOLÓXICA NO PAZO DE MARIÑÁN
9LL	ORGANIZACIÓN
9T	SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS
9U	ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
9U-1	RESIDENCIAS MARIÑÁN DE MÚSICA, LITERATURA E PENSAMENTO
9V-1	XORNADAS TÉCNICAS SOBRE INFRAESTRUTURAS VERDES NO PAZO DE MARIÑAN
9W	INTERVENCIÓN
9WA	ACTIVIDADES DEPUTACIÓN
9WB	ASISTENCIA CONTABLE, ORZAMENTARIA E FINANCEIRA A EELL
9Z	XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN POR ACTIVIDADE DIRECTIVA, ADMINISTRATIVA E XERAL (ADA)	
Código	**Descrición**
9Z-1	XESTIÓN E RECADACIÓN DE RECURSOS PROPIOS
9Z-2	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS

Como xa se expuxo con anterioridade, non todas as actividades están relacionadas cos centros de custo definidos. A relación entre os centros de custo e as súas actividades queda detallada no cadro que se inclúe a continuación:

CENTROS DE CUSTO		ACTIVIDADES ASOCIADAS A CENTROS DE CUSTO	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
3C	CENTRO ROSALIA MERA	3C-1	SERVIZO DE ALOXAMENTO DE ESTUDANTES NO CENTRO ROSALIA MERA
		3C-2	ENSINO SECUNDARIO NO I.E.S. ROSALIA MERA
		3C-4	SERV.UTILIZACIÓN AULAS E TALLERES DO IES ROSALIA MERA
9E	IMPRENTA PROVINCIAL	9E-1	PUBLICACIÓN BOLETÍNS
		9E-2	PUBLICACIÓN DE LIBROS, FOLLETOS, REVISTAS E OUTROS
		9E-3	IMPRENTA PROVINCIAL.IMPRESOS
9AC	PAZO PROVINCIAL	2B	SERVIZOS XERAIS DE SERVIZOS SOCIAIS
		4F	SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA
		4H	SERVIZOS XERAIS DE VÍAS E OBRAS
		9A	GABINETE DA PRESIDENCIA E GRUPOS POLITICOS
		9B	SERVIZO DE ASESORIA XURÍDICA
		9C	SERVIZOS XERAIS DE SECRETARIA XERAL
		9D	SERVIZOS XERAIS DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
		9G	SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
		9H	DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE EN PAZO PROVINCIAL
		9I	SERVIZOS XERAIS DE RECURSOS HUMANOS
		9J	INFORMÁTICA E ADMÓN.ELECTRÓNICA
		9LL	ORGANIZACIÓN
		9M	SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
		9N	FORMACION
		9O	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
		9P	PUNTO DE INFORMACIÓN EUROPEO
		9Q	INFORMACIÓN E REXISTRO

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CENTROS DE CUSTO		ACTIVIDADES ASOCIADAS A CENTROS DE CUSTO	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
		9R	SERVIZOS INTERNOS
		9S	REPRESENTACIÓN DO PERSOAL
		9T	SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS
		9U	ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
		9V	ASISTENCIA TÉCNICA, INFORMÁTICA, XURÍDICA E ECONÓMICA ÁS EELL
		9W	INTERVENCIÓN
		9AB	SERVIZOS XERAIS DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO
		9AJ	TESOURERÍA
9AD	EDIFICIO REGO DE AUGA	3G	BIBLIOTECA PROVINCIAL
		9K	SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE
9AE	EDIFICIO ADMINISTRATVO ARCHER M.HUNTINGTON	9Z	XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS
9AF	PAZO MARIÑAN	2D-1	ACTIVIDADES DO CENTRO DE DIA DE FERROL NO PAZO DE MARIÑAN
		2E-1	ENCONTRO SERVIZOS SOCIAIS NO PAZO DE MARIÑAN
		3G-1	XORNADA PROVINCIAL DE BIBIOTECAS NO PAZO DE MARIÑAN
		3I	PROMOCIÓN ACTIV.CULTURALES, OCIO E TEMPO LIBRE
		4F-1	PROMOCION TURISTICA NO PAZO DE MARIÑAN
		9A-1	ACTIVIDADES CORPORACIÓN PAZO DE MARIÑÁN
		9AF-1	PAZO DE MARIÑÁN. ACTIVIDADES EXTERNAS
		9AM-1	XORNADA MEMORIA HISTÓRICA DA PROVINCIA NO PAZO DE MARIÑÁN
		9B-2	XORNADAS ASESORÍA XURÍDICA NO PAZO DE MARIÑÁN
		9G-2	CONGRESO PROMOCIÓN ECONÓMICA NO PAZO DE MARIÑÁN
		9H-2	XORNADA MICOLÓXICA NO PAZO DE MARIÑÁN
		9U-1	RESIDENCIAS MARIÑÁN DE MÚSICA, LITERATURA E PENSAMENTO
		9V-1	XORNADAS TÉCNICAS SOBRE INFRAESTRUTURAS VERDES NO PAZO DE MARIÑAN
9AH	EDIFICIO A MILAGROSA	3D-1	IES PUGA RAMÓN NA MILAGROSA
		9AB-1	ARQUITECTURA NA MILAGROSA
		9B-1	ASESORÍA XURÍDICA NA MILAGROSA
		9D-1	ALMACEN PATRIMONIO A MILAGROSA
		9S-1	REPRESENTACIÓN DO PERSOAL NA MILAGROSA
		3H	ARQUIVO PROVINCIAL

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CENTROS DE CUSTO		ACTIVIDADES ASOCIADAS A CENTROS DE CUSTO	
Código	Descrición	Código	Descrición
9AL	EDIFICIO F.I. EMILIO ROMAY	3H-1	ARQUIVO NO EMILIO ROMAY
		2C	ATENCIÓN A INFANCIA NO F.I. EMILIO ROMAY

5.- AGREGADOS CONTABLES II: ELEMENTOS DE CUSTO

Os elementos de custo constitúen os consumos de factores, expresados en unidades monetarias, que realiza a entidade nun determinado período de tempo. Aínda que a súa catalogación pode efectuarse tendo en conta diversos criterios, adoita ser a clasificación económica do orzamento de gastos e a súa consecuente equivalencia coas contas do Plan Xeral de Contabilidade Pública (PGCP), o máis utilizado, e en concreto, o aplicado por Deputación.

Os elementos de custo considerados no estudo do exercicio 2025 foron os seguintes:

5.1.- CUSTO DE PERSOAL

Custos directos

O custo directo de persoal está formado polas retribucións monetarias satisfeitas pola Deputación como contraprestación dos servizos prestados polo capital humano, xunto ás cotizacións sociais.

Atendendo á natureza económica do gasto, o custo directo de persoal tido en conta descomponse nos seguintes grupos:

- Remuneracións.
- Cotas sociais a cargo da Deputación.
- Outros custos sociais.
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- Centro Rosalía Mera (programa 93365): Como caso similar ao de subministración eléctrica, o recibo de auga que se imputa ao centro Rosalía Mera abarca máis beneficiarios que o propio centro de modo que se realizou o reparto por m^2 entre os seguintes centros de acordo coa información facilitada polo Servizo de Arquitectura:

ACTIVIDADE/ CENTRO DE CUSTO	CENTRO
9X	ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE
9E	IMPRENTA PROVINCIAL
3C	CENTRO ROSALIA MERA
3H	ARQUIVO PROVINCIAL
9Y	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS

- ***Subministración de gas***

Como excepción ao principio xeral de imputación, temos o seguinte caso:

- Centro Rosalía Mera (programa 93365): a totalidade do gasto de subministración de gas imputado a este programa asóciase á actividade 3C-1 *"Servizo de aloxamento de estudantes no Centro Rosalía Mera"* xa que se corresponde co gasto da lavandería da Residencia de estudantes.

- ***Subministración de combustibles e materias auxiliares***

As imputacións realizadas nos distintos programas para este tipo de gasto seguiron a equivalencia entre o programa orzamentario e a actividade/centro de custo, coa excepción no programa 93365 Centro Rosalía Mera:

- Na clasificación económica 22103 imputáronse os gastos en calefacción e auga quente que se distribuíron por m^2 entre o Centro residencial e o IES Rosalía Mera.

- Tamén se recollen os gastos de propano das cociñas do centro que se imputaron á actividade 3C-1 "Servizo de aloxamento de estudantes no Centro Rosalía Mera"

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Comunicacións

1.- Servizos de telecomunicacións

As facturas de telefonía recibíronse mensualmente, por un importe de 23.962,74 € en telefonía fixa e 1.913,40 € en telefonía móbil.

A.- Telefonía Fixa

A telefonía fixa contempla tanto as chamadas de fixo a fixo como as chamadas de fixo a móbil.

O Servizo de sistemas e soporte aportou, para cada unha das facturas mensuais, a desagregación do importe por cada liña de teléfono en base ao consumo real. Neste caso as actividades que se asignaron foron as xerais de cada departamento ou servizo, en base á localización física das liñas, para a posterior repartición secundaria a actividades específicas.

Do importe total das facturas, unha porcentaxe elevada correspóndese coa adquisición e amortización da infraestrutura de hardware e impútase á actividade 9Ñ *"Servizos Xerais Administrativos".*

B.- Telefonía Móbil

Na telefonía móbil en sentido estrito (desde móbil), o Servizo de sistemas e soporte proporcionou a información correspondente desagregada polo consumo real de cada número de teléfono. Neste caso, a imputación a custos efectuouse asignando a cada número de teléfono a actividade xeral na que se sitúa o/a usuario/a do mesmo.

2.- Comunicacións Postais

Do mesmo xeito que noutros casos, o criterio xeral aplicado para a distribución do custo primario deste tipo de gasto foi o de asociar directamente ás distintas partidas orzamentarias ao centro de custo ou a actividade que lle corresponde nunha proporción de tanto por un, baseándose fundamentalmente na "equivalencia do contido" entre as clasificacións por programas e as distintas actividades e centros de custo definidos.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Como excepcións ao criterio xeral, temos que as obrigas imputadas aos programas da estrutura orzamentaria de gastos, 93233 -Recadación- e 93231 -Xestión Tributaria-, repartíronse de forma manual en base aos datos que se derivan do informe da Unidade de Contratación que se inclúe no expediente de pago.

3.- Comunicacións Informáticas

Neste caso aplícase a todos os programas o criterio xeral de asociar ás distintas partidas orzamentarias o centro de custo ou actividade que lle corresponde nunha proporción de tanto por un, baseándose fundamentalmente na "equivalencia do contido" entre as clasificacións por programas e as distintas actividades e centros de custo definidos.

4.- Outros gastos en comunicacións

Todos os gastos realizáronse a través do programa xenérico de Servizos Xerais 92090, onde se recollen orzamentariamente os gastos de mensaxería. A pesares de que en contabilidade analítica analizáronse de forma individualizada as operacións contables de gastos non foi posible realizar imputacións concretas ás distintas actividades e/ou centros xa que non se podía deducir da súa explicación.

Traballos realizados por outras empresas e profesionais

Analízase o máis destacado deste apartado:

- Limpeza e Aseo : Este tipo de contratos realízase por edificios e normalmente existe unha coincidencia entre o programa de gastos de 2025 e a actividade e/ou centro de custos, coas excepcións seguintes:

    - Programa 23112 -F.I. Emilio Romay-: Tal e como se explicou no custo de subministración eléctrica, neste centro existe unha parte do edificio destinado a arquivo, polo que o gasto de limpeza imputouse ao edificio (código centro 9AL) para a súa posterior repartición entre a parte dedicada ao fogar e a parte dedicada ao arquivo.

    - Programa 93233 -Recadación-: Seguindo o criterio informado polo Servizo de Arquitectura e Mantemento en anos anteriores, as obrigacións deste programa repártense entre as oficinas recadatorias, a oficina de inspección e atención ao contribuínte en función dos m^2 .

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- Programa 93365 -Centro Rosalía Mera-. O importe das obrigacións recoñecidas neste programa distribúense a nivel de custos entre o Centro Residencial e o Instituto en función dos m^2.

- Programa 93341 – Arquitectura e Mantemento-. Analizáronse cada unha das facturas para imputar o gasto ao centro correspondente.

➢ Seguridade e Vixilancia: Aínda que neste suposto deberían ser aplicables os mesmos criterios expostos para limpeza e aseo, isto non é viable dado que existen dúas imputacións orzamentarias que acumulan varios edificios:

- Programa 92013 -Parque Móbil-: Orzamentariamente impútaselle, ademais do seu custo, todo o custo de vixilancia do Arquivo Provincial, do Edificio Administrativo, do Centro Rosalía Mera, da Imprenta, da oficina de Atención ao Contribuínte e de Inspección Tributaria. Repartiuse entre eles en función das porcentaxes facilitadas polo Servizo de Patrimonio e Contratación.

- Programa 3242 -IES Puga Ramón-: A este programa imputóuselle orzamentariamente, ademais do seu propio gasto, o correspondente á Milagrosa e ao F.I.Emilio Romay, polo que se efectúa unha primeira repartición do custo de acordo coas porcentaxes informadas polo Servizo de Patrimonio e Contratación.

➢ Outros traballos: Neste apartado mantense en case todos os casos a actividade ou centro de custo correspondente ao programa orzamentario de gasto, aínda que existiron excepcións:

- Programa 9251 -Servizo de Información e actas-: Os gastos relativos aos servizos de transcricións das actas do pleno imputáronse á actividade 9A "*Gabinete da presidencia e grupos políticos*""

- Programa 93341 -Arquitectura e Mantemento-: Todos os apuntes imputáronse a outras actividades de acordo coa súa explicación ou o contido do expediente.

- Programa 93362 -Pazo Provincial-: Todos os apuntes corresponden á servizos no salón de plenos da Deputación polo que se imputaron á actividade 9A "*Gabinete da presidencia e grupos políticos".*

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- Programa 93365 -Centro Rosalía Mera-: A maioría do gastos corresponden á atención e organización de actividades deportivas, culturais e sociais dos alumnos residentes no centro e se imputáron á actividade 3C-1 *"Servizo de aloxamento de estudantes no centro Rosalía Mera".*

- Programa 93366 -Pazo de Mariñán-: O servizo de atención de comidas imputouse ás distintas actividades en función da finalidade ou participantes na comida.

- Programa 49121 -Asistencia informática á Deputación-: A maioría das obrigacións imputáronse en base á explicación do apuntamento ou da información achegada polo Servizo de sistemas e soporte. Destacamos os seguintes casos:

  - ✓ Os gastos correspondentes á Liña de Editrán impútanse ás seguintes actividades:

REPARTO CUSTO PRIMARIO LIÑA DE EDITRÁN		
ACTIVIDADE/CENTRO DE CUSTOS	**DESCRICIÓN**	**TANTO X 1**
9Z	SERVIZO DE RECADACIÓN	0,7950
9AJ	TESOURERÍA	0,1550
9W	SERVIZO DE INTERVENCIÓN	0,05
TOTAL		**1**

  - ✓ Os correspondentes á Base de datos Universe e a aplicación Sabini impútanse á actividade final 3G "*Biblioteca Provincial"*

  - ✓ Os gastos do mantemento do sistema de tradución bidireccional galego-español, español-galego impútanse á actividade 3L*"Fomento da lingua galega"*

  - ✓ Os gastos correspondentes ao mantemento da explotación e-BOP imputáronse á actividade 9E-1 *"Publicación Boletíns"*

  - ✓ As facturas da empresa AYTOS Soluciones Informática, S.L., relativas ao mantemento de Sicalwin e Firmadoc, imputáronse á actividade 9WA "Intervención. Actividades Deputación"

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- ✓ As da empresa Bonser Iniciativas de Gestión, S.L. para á asistencia do aplicativo informático GPA (Xestión Patrimonial), imputáronse ás actividades 9WA "Intervención. Actividades Deputación" e 9D "Patrimonio e Contratación" pola implantación do sistema GPA.

- ✓ O mantemento do arquivo electrónico provincial, a subscrición a Proactiva Net e renovación de licencias CITRIX, imputouse á actividade 9J *"Informática e administración electrónica"* para o seu posterior reparto entre a Deputación e os concellos.

- ✓ O servizo de quenda e oficina virtual cloud facturado por Tecnoloxías Plexus, S.L. repartiuse segundo a información facilitada en anos anteriores:

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	%
9Q	INFORMACIÓN E REXISTRO	14,04
9Z	XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS	85,85
3G	BIBLIOTECA	0,11
TOTAL		**100**

- ✓ A contratación dos servizos dunha plataforma de coordinación de actividades empresariais á empresa Quirón Prevención, S.L., corresponden á actividade 9M "*Prevención de riscos laborais"*

- ✓ Os correspondentes ás aplicacións de control horario impútanse á actividade 9I*"Servizo xerais de Recursos Humanos"*

- ✓ Os gastos de mantemento e soporte do Sistema Integral de Xestión Tributaria (GTT) repartiuse do seguinte modo:

  - 95% á actividade 9Z
  - 5% á actividade 9W

- ✓ A subscrición QlikView contratada coa empresa Auren Consultores LCG, repartiuse entre distintas actividades en función do número de usuarios.

- ✓ O mantemento da aplicación GINPIX, repartiuse do seguinte modo:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

95% á actividade 9I *"Servizos xerais de recursos humanos"*.
5% á actividade 9W *"Intervención"*.

- Programa 49122 -Asistencia informática aos concellos-: Case todas as obrigacións imputáronse en base á explicación do apuntamento coas seguintes excepcións:

  - As facturas da empresa Bonser Iniciativas de Gestión, S.L. e Aytos Soluciones Informáticas S.L.U. para á asistencia e mantemento das súas aplicacións informáticas, imputáronse á actividade 9WB "Asistencia contable, orzamentaria e financeira a EELL".

  - Os gastos do mantemento do sistema de tradución bidireccional galego-español, español-galego impútanse á actividade 3L*"Fomento da lingua galega"*

- Programa 92090 -Servizos Xerais Administrativos-: Os apuntamentos deste programa imputáronse en custos ás actividades correspondentes segundo o gasto de que se trate.

  Como casuística especial indícase que os gastos recolleitos neste programa, relativos ao acceso á liña da Base xurídica Aranzadi, repártese en función do número de usuarios aportados polo Servizo de sistemas e soporte.

Gastos Diversos

Englóbanse neste apartado todos os gastos imputados ao concepto económico 226 do orzamento de gastos desagregados nos subconceptos correspondentes.

Trátase dun dos apartados máis difíciles de aplicar debido a que adoita utilizarse como "caixón de xastre" no que incluír todo tipo de gastos.

Aínda que en xeral detéctase que en case todas as partidas afectadas por este tipo de gastos, existiu unha equivalencia de contidos entre a clasificación por programas e a actividade e/ou centro de custo, analizáronse todas as operacións de forma individual para realizar, no seu caso, as adecuacións necesarias nas imputacións a custos.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Destacamos neste caso as seguintes cuestións:

- Publicidade e propaganda: os gastos imputáronse ás actividades en función do contido e obxecto da publicidade.

- Publicación en diarios oficiais: analizáronse as contas de gastos de Patrimonio e contratación para imputar cada gasto á actividade que lle corresponde segundo o obxecto da publicación.

- Actividades culturais e deportivas: Os gastos xerados polos servizos de atención a visitantes e polas actividades culturais levadas a cabo en distintos centros da Deputación, imputáronse á actividade 3I "*Promoción de actividades culturais, ocio e tempo libre*"

- Da económica 22699 "outros gastos diversos":

  - Os gastos do programa 92090-Servizos Xerais Administrativos- foron distribuídos en custos de forma manual entre diversas actividades e/ou centros de custos segundo os datos individualizados de cada expediente. No caso de que o expediente non concretase o suficiente para a imputación directa a unha determinada actividade, optouse por deixar a súa asociación á actividade de organización 9Ñ*"Servizos xerais administrativos"* para a súa repartición posterior.

  - Do programa 929 -Imprevistos e funcións non clasificadas-, imputouse todo o gasto de forma manual a distintas actividades en función da explicación do apuntamento.

6.2.5.- Distribución do custo de tributos

Para levar a cabo esta distribución analizáronse unha a unha as distintas operacións do orzamento de gastos imputadas aos códigos económicos 22500 e 22502, para a súa posterior imputación manual a custos en base ao obxecto do tributo.

- No programa 92090 -Servizos xerais administrativos- destacan as seguintes imputacións manuais:

  - ✓ Os recibos correspondentes a parcelas rústicas da Deputación imputáronse a actividade 999999*"Non imputable a custos"*.

  - ✓ Os gastos de recollida de lixo e pago do IBI ao Concello da Coruña distribuíronse entre os distintos centros da Deputación segundo lles correspondía.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

- ✓ En canto á repartición do recibo de IVTM imputouse manualmente en base á matrícula do vehículo, de acordo coa actividade á que se destina o vehículo segundo informe emitido polo Parque móbil.

- ✓ Os recibos de IBI do Concello de Santiago correspondentes a locais que lle cedeu a Deputación, considéranse non imputables, xa que, segundo o acordo de cesión, o seu pago correspóndelle ao propio concello polo que este importe será compensado coas axudas que periodicamente recibe o Concello de Santiago desta Deputación.

- o Os gastos do programa 93233-Recadación-,corresponden na súa totalidade á taxa de cobranza da recarga provincial do IAE e consideráronse non imputables a costes.

6.2.6.- Distribución dos Custos financeiros

Neste elemento de custo existe unha coincidencia total entre as obrigas orzamentarias e os gastos tratados e efectos do estudo.

Tal e como se expuxo no apartado destinado a analizar os elementos de custo segundo a IGAE a consideración de custos financeiros vén referida a aqueles determinados de maneira explícita.

En xeral, non se considerarán como un custo identificable cun centro ou actividade concreta e terán, como consecuencia, a consideración de custos incorporables como un sobrecusto ou suplemento do resto.

Neste ano consideráronse maior custo para as actividades os que corresponden aos gastos cuxo atraso no pago orixinou o interese de demora. Todos estes intereses corresponden a obras nas estradas provinciais polo que se imputaron á actividade 4I *"Estradas, travesías e outras infraestruturas municipais*". Tamén se considerou custo os xuros por devolución dunha subvención dun proxecto non executado.

6.2.7.- Distribución de Custos de transferencias

En relación coas transferencias correntes e de capital hai que resaltar que ao estar dirixidas cara a actividades finais, normalmente concretas e específicas, existe unha case total interrelación entre programa de gastos e actividade de custo.

As excepcións que se atoparon correspóndense con imputacións orzamentarias inadecuadas do gasto.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Transferencias correntes:

- ✓ En todos os apuntes existe correlación entre o programa de gastos e a actividade definida para el.

Transferencias de capital

- ✓ Dentro das transferencias a concellos no programa 4592 recóllense gastos de diversa índole que teñen encaixe noutras políticas de gasto polo que se imputaron manualmente moitos apuntamentos a outras actividades entre as que predomina 1D "*Saneamento, abastecemento e distribución de augas*".

6.3.- FORMACIÓN DO CUSTO FINAL DAS ACTIVIDADES PRINCIPAIS: CRITERIOS DE REPARTICIÓN

6.3.1.- Criterios de repartición por tipoloxía de actividades

Os criterios utilizados para a repartición de custos definíronse para aquelas actividades que han de ir acumulando custos primarios que posteriormente teñen que repartirse entre outras actividades.

Como xa se sinalou anteriormente, nalgúns casos a definición da tipoloxía das actividades veu marcada polo tipo de actividade receptora e non polo tipo de actividade propiamente dito en base á clasificación indicada no apartado 3.2. "COMPOÑENTES DO MODELO"

Os criterios de repartición segundo os tipos de actividades son os seguintes:

ACTIVIDADES PRINCIPAIS

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
2B	SERVIZOS XERAIS DE SERVIZOS SOCIAIS	202	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C.PRESTADOR: 2B)

ACTIVIDADES ANEXAS

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
3H	ARQUIVO PROVINCIAL	302	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS(C.C. PRESTADOR: 3H)
3H-1	ARQUIVO NO EMILIO ROMAY	303	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS(C.C. PRESTADOR: 3H-1)
9AG	ALMACEN SABÓN	907	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9AG)
9F	PARQUE MÓBIL	918	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9F)

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

ACTIVIDADES ANEXAS

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
9O-1	NORMALIZACIÓN LIGÜÍSTICA DEPUTACIÓN	954	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9O-1)
9X	ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE	942	IMPUTACIÓN DIRECTA A 9Y (C.C. PRESTADOR:9X)

ACTIVIDADES AUXILIARES

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
2A	ACCIÓN SOCIAL A FAVOR DO PERSOAL	201	PERSOAS EQUIVALENTES, FUNCIONARIOS E LABORAIS CON CONVENIO COLECTIVO (C.C.PRESTADOR: 2A)
3D-1	IES PUGA RAMÓN NA MILAGROSA	305	IMPUTACIÓN DIRECTA ACTIVIDADE 3D (C.C. PRESTADOR: 3D-1)
9AB	SERVIZOS XERAIS DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO	902	CUSTO DIRECTO DAS ACTIVIDADES E CENTROS QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9AB)
9AB-1	ARQUITECTURA E MANTEMENTO NA MILAGROSA	949	CUSTO DIRECTO DAS ACTIVIDADES E CENTROS QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9AB-1)
9B	SERVIZO DE ASESORIA XURÍDICA	911	Nº DE EXPEDIENTES POR ACTIVIDADE (C.C. PRESTADOR: 9B)
9B-1	ASESORIA XURÍDICA NA MILAGROSA	951	Nº DE EXPEDIENTES POR ACTIVIDADE (C.C. PRESTADOR: 9B-1)
9B-2	XORNADAS ASESORIA XURÍDICA NO PAZO DE MARIÑÁN	956	Nº DE EXPEDIENTES POR ACTIVIDADE (C.C. PRESTADOR: 9B-2)
9I	SERVIZOS XERAIS DE RECURSOS HUMANOS	921	PERSOAS EQUIVALENTES (C.C. PRESTADOR: 9I)
9J	INFORMÁTICA E ADMÓN.ELECTRÓNICA	922	% DEDICACIÓN ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9J)
9J-1	ASISTENCIA INFORMÁTICA Á DEPUTACIÓN	923	Nº ORDENADORES ASOCIADOS ÁS ACTIVIDADES (C.C. PRESTADOR: 9J-1)
9J-2	ASISTENCIA INFORMÁTICA AOS CONCELLOS	924	IMPUTACIÓN DIRECTA ACTIVIDADE 9V (C.C. PRESTADOR: 9J-2)
9K	SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE	925	% DEDICACIÓN ÁS SÚAS ACTIVIDADES (C.C. PRESTADOR:9K)
9K-1	ASISTENCIA DEPUTACIÓN	927	Nº ORDENADORES ASOCIADOS AS ACTIVIDADES (C.C. PRESTADOR: 9K-1)
9K-2	ASISTENCIA ENTIDADES LOCAIS	926	IMPUTACIÓN DIRECTA ACTIVIDADE 9V (C.C. PRESTADOR: 9K-2)
9M	SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	929	PERSOAS EQUIVALENTES (C.C. PRESTADOR: 9M)
9N	FORMACION	930	Nº ASISTENCIAS A CURSOS FUNCIONARIOS EELL/FUNCIONARIOS DEPUTACIÓN(C:C. PRESTADOR: 9N)
9N-1	FORMACIÓN FUNCIONARIOS EELL	931	IMPUTACIÓN DIRECTA ACTIVIDADE 9N-3 (C.C. PRESTADOR: 9N-1)
9N-2	FORMACION FUNCIONARIOS DEPUTACIÓN	932	Nº ASISTENCIAS A CURSOS POR ACTIVIDADE (C:C. PRESTADOR: 9N-2)
9S	REPRESENTACIÓN DO PERSOAL	936	PERSOAS EQUIVALENTES FUNCIONARIOS E LABORAIS CON CONVENIO COLECTIVO (C.C. PRESTADOR: 9S)

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

ACTIVIDADES AUXILIARES

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
9S-1	REPRESENTACIÓN DO PERSOAL NA MILAGROSA	947	PERSOAS EQUIVALENTES FUNCIONARIOS E LABORAIS CON CONVENIO COLECTIVO (C.C. PRESTADOR: 9S-1)

ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
9A	GABINETE DA PRESIDENCIA E GRUPOS POLITICOS	901	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9A)
9C	SERVIZOS XERAIS DE SECRETARIA XERAL	912	IMPUTACIÓN DIRECTA Á ACTIVIDADE 9C-2 (C.C. PRESTADOR: 9C)
9C-2	ACTIVIDADES XERAIS DEPUTACIÓN	914	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9C-2)
9E-3	IMPRENTA PROVINCIAL.IMPRESOS	917	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9E-3)
9O	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	933	% DEDICACIÓN ÁS SÚAS ACTIVIDADES (C.C. PRESTADOR 9O)
9Q	INFORMACIÓN E REXISTRO	934	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9Q)
9R	SERVIZOS INTERNOS	935	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9R)
9Ñ	SERVIZOS XERAIS ADMINISTRATIVOS	946	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9Ñ)

ACTIVIDADE DIRECTIVA, ADMINISTRATIVA E DE DIRECCIÓN

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIOS REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
2D-1	ACTIV.DO CENTRO DE DIA DE FERROL NO PAZO DE MARIÑÁN	205	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 2D (C.C.PRESTADOR:2D-1)
2E-1	ENCONTRO SERV.SOCIAIS PAZO DE MARIÑÁN	206	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 2E (C.C.PRESTADOR:2E-1)
3G-1	XORNADA PROVINCIAL BIBLIOTECAS NO PAZO DE MARIÑÁN	306	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 3G (C.C.PRESTADOR:3G-1)
4F-1	PROMOCION TURISTICA NO PAZO DE MARIÑAN	404	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 4F (C.C.PRESTADOR: 4F-1)
4H	SERVIZOS XERAIS DE VÍAS E OBRAS	401	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 4H-2 (C.C.PRESTADOR: 4H)
4H-2	REDACCIÓN E SEGUIMENTO DE PROXECTOS DE VÍAS PROVINCIAIS	403	IMPUTACIÓN DIRECTA Á ACTIVIDADE 4I (C.C. PRESTADOR: 4H-2)
9A-1	ACTIVIDADES CORPORACIÓN EN PAZO DE MARIÑÁN	953	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 9A (C.C. PRESTADOR: 9A-1)
9AJ	TESOURERÍA	909	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9AJ)
9AM-1	XORNADA MEMORIA HISTORICA DA PROVINCIA NO PAZO DE MARIÑÁN	955	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 9AM (C.C.PRESTADOR:9AM-1)
9D	SERVIZOS XERAIS DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	915	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9D)
9D-1	ALMACÉN DE PATRIMONIO NA MILAGROSA	948	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9D-1)

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

ACTIVIDADE DIRECTIVA, ADMINISTRATIVA E DE DIRECCIÓN

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIOS REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
9G	SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO	919	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9G)
9G-2	CONGRESO PAZO DE MARIÑÁN	957	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9G-2)
9H	DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE	920	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9H)
9H-2	XORNADA MICOLÓXICA NO PAZO DE MARIÑÁN	958	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9H-2)
9LL	ORGANIZACIÓN	928	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS (C.C. PRESTADOR: 9LL)
9T	SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS	937	% DEDICACIÓN ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9T)
9U	CULTURA E DEPORTES	938	% DEDICACIÓN ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9U)
9U-1	RESIDENCIAS MARIÑÁN DE MÚSICA, LITERATURA E PENSAMENTO	960	% DEDICACIÓN ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9U-1)
9V-1	XORNADAS TÉCNICAS SOBRE INFRAESTRUTURAS VERDES NO PAZO DE MARIÑÁN	959	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 9V (C.C. PRESTADOR: 9V-1)
9W	INTERVENCIÓN	939	% DEDICACIÓN ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR 9W)
9WA	ACTIVIDADES DEPUTACIÓN	941	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS(C.C. PRESTADOR: 9WA)
9WB	ASISTENCIA CONTABLE, ORZAMENTARIA E FINANCEIRA A EELL	940	IMPUTACIÓN DIRECTA A 9V (C.C. PRESTADOR: 9WB)
9Z	XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS	943	% VALORES CARGO BRUTO (C.C. PRESTADOR: 9Z)
9Z-1	XESTIÓN E RECADACIÓN DE RECURSOS PROPIOS	944	Nº VALORES RECURSOS PROPIOS AFECTOS A ACTIVIDADES FINAIS (C.C. PRESTADOR: 9Z-1)
9Z-2	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS	945	IMPUTACIÓN DIRECTA A 9Y (C.C. PRESTADOR: 9Z-2)

6.3.2.- Criterios de repartición por tipoloxía de Centros de Custo

En relación cos Centros de Custo que se definiron, cabe dicir que estes actuaron como acumuladores de custos que haberá que imputar ás distintas actividades con eles relacionadas.

Centros de Custo Mixto: Son aqueles que repartirán custos tanto ás actividades principais como a outro tipo de actividade vinculada con este centro de custo. O seu criterio de repartición variará en función da natureza do Centro, segundo o detalle que se especifica a continuación:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CENTROS DE CUSTO MIXTO

CENTROS	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
9AC	PAZO PROVINCIAL	903	M2 ACTIVIDADES DO PAZO PROVINCIAL (C.C. PRESTADOR: 9AC)
9AD	EDIFICIO REGO DE AUGA	904	M2 ACTIVIDADES DO EDIFICIO REGO DE AUGA (C.C. PRESTADOR: 9AD)
9AE	EDIFICIO ADMINISTRATIVO ARCHER M.HUNTINGTON	905	IMPUTACIÓN DIRECTA A ACTIVIDADE 9Z (C.C. PRESTADOR: 9AE)
9AF	PAZO DE MARIÑÁN	906	DÍAS DE OCUPACIÓN POR ACTIVIDADE (C.C. PRESTADOR: 9AF)
9AH	EDIFICIO A MILAGROSA	908	M2 ACTIVIDADES DO EDIFICIO DA MILAGROSA (C.C. PRESTADOR: 9AH)
9AL	EDIFICIO F.I.EMILIO ROMAY	910	M2 ACTIVIDADES DO EDIFICIO F.I.EMILIO ROMAY (C.C. PRESTADOR: 9AL)
9E	IMPRENTA PROVINCIAL	916	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES QUE XESTIONA (C.C. PRESTADOR: 9E)

Centros de Custo Principais: Son aqueles nos que todas as actividades que se realizan nos mesmos son principais. O único definido na Deputación é o seguinte:

CENTROS DE CUSTO PRINCIPAIS

CENTRO	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
3C	CENTRO ROSALIA MERA	301	CUSTO DIRECTO ACTIVIDADES PRINCIPAIS DO CENTRO (C.C.PRESTADOR: 3C)

7.- ELEMENTOS DE INGRESO

Logo de realizar o estudo dos agregados de custos analízanse, por último, os ingresos, a marxe de cobertura global e as marxes de cobertura das distintas actividades de Deputación, como actuación imprescindible para dar por cerrado o modelo de custos. Esta última parte poñerá de manifesto en que medida existe unha capacidade ou necesidade de financiamento naquelas actividades que se poden relacionar con ingresos e que se reflicte no punto 26.4 da Memoria da Conta Xeral.

En canto a marxe de cobertura global a Resolución da IGAE, do 28 de xullo de 2011, establece no apartado vixésimo quinto que "*El cálculo del margen global se efectuará, teniendo en cuenta,…..,aquellos ingresos que no pueden asociarse individualmente con ninguna actividad, mediante el sumatorio de todos los márgenes determinados en el apartado anterior*" (Ingresos asociados a actividades finais máis os ingresos asociados ao conxunto da organización). Tendo isto en conta a marxe global do exercicio 2025 é de 34.059.212,96 €.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Os elementos de ingresos poden ser perfectamente identificables a través dos conceptos orzamentarios que se recollen na clasificación económica do orzamento da Deputación, e do mesmo xeito que os elementos de custo haberá algúns que non se incorporen ao proceso de cálculo.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	DESCRICIÓN
100	IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FISICAS
17100	RECARGA PROVINCIAL NO IAE
17101	RECARGA PROVINCIAL IAE. COTAS PROVINCIAIS E NACIONAIS
210	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO
22000	IMPOSTO SOBRE O ALCOL E BEBIDAS DERIVADAS
22001	IMPOSTO SOBRE A CERVEXA
22003	IMPOSTO SOBRE OS LABORES DO TABACO
22004	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS
22006	IMPOSTO SOBRE PRODUTOS INTERMEDIOS
31200	TAXAS POR SERVIZOS CONSERVATORIO P. DE DANZA
32500	TAXAS POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS
32501	TAXAS POR DEREITOS DE EXAME
32900	TAXAS POR PUBLICACION DE ANUNCIOS NO BOP
32901	TAXAS POR SERVIZO DE RECADACION PROVINCIAL
338	COMPENSACION DE TELEFONICA DE ESPAÑA SA
33900	TAXAS POR AUTORIZACION EN VIAS PROVINCIAIS
34200	PREZO PUBLICO CENTRO RESIDENCIAL D. ROSALIA MERA
34201	PREZO PUBLICO INSTALACIONS AULAS ROSALIA MERA
34900	PREZO SERVIZO INSTALACIONS PAZO DE MARIÑAN
361	INGRESOS P/ACTIVOS CONSTR OU ADQUIRIDOS PARA OUTRAS ENTIADES
38900	REINTEGRO POR RENUNCIA DE BOLSAS PROVINCIAIS
38901	REINTEGRO SUBVENCIONS CONCEDIDAS
38902	REINTEGRO POR PRESTACIONES DE I. L. T.
38999	OUTROS REINTEGROS POR OPERACIONS CORRENTES
39110	MULTAS POR INFRACCIONS TRIBUTARIAS E ANALOGAS

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	DESCRICIÓN
39190	OUTRAS MULTAS E SANCIONS
39200	RECARGAS POR DECLARACION EXTEMPORANEA SEN REQ. PREVIO
39210	RECARGA EXECUTIVA
39211	RECARGA DE CONSTRINXIMENTO
39300	XUROS DE MORA
39900	INCAUTACION DE FIANZAS E PENALIDADES
39901	INDEMNIZACIONS
39902	CUSTOS DO PROCEDEMENTO RECADATORIO
39904	COMPENS.SERV.ATT.MENORES F.I. EMILIO ROMAY
39905	COMPENS.SERV.ATT.MENORES C.D.M. DE FERROL
39906	COMPENS. SERV. COMEDOR RESIDENCIA IES ROSALIA MERA
39907	COSTAS EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS
39999	OUTROS INGRESOS DIVERSOS
42010	FONDO COMPLEMENTARIO DE FINANCIAMENTO
42020	COMPENSACION POR BENEFICIOS FISCAIS
42092	FNG AO PROXECTO CONECTA RURAL
42099	OU. TRANSF. CORR. DA ADMINISTRACION XRAL. DO ESTADO
42300	DE LOTERIAS E APOSTAS DO ESTADO
45030	TRANSF. CORR. CUMP. CONVENIO CC.AA. EN MATERIA DE EDUCACION
45080	OUTRAS SUBV. CORR. DA ADMINISTRACION XRAL. DA CC.AA.
45101	SUBV. DE OOAA E AXENCIAS DA CCAA.
481	SUBV.DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO
49012	ACHEGA DO FEDER AO PROX.PEL-RURINNOVA
49013	ACHEGA DO FEDER AO PROX.PEL-RELEVO
49112	ACHEGA DO FEDER AO PROX.GEFRECON
49700	ACHEGA DA COMISION EUROPEA AO PROX. EUROPE DIRECT
52000	XUROS DE CONTAS OPERATIVAS E RESTRINXIDAS

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5d52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	DESCRICIÓN
52001	XUROS DE CONTAS FINANCEIRAS
53410	DE SOCIEDADES E ENTIDADES NON DEPENDENTES DE EE.LL
600	VENDA DE SOARES
68000	REINTEGROS DE INVESTIMENTOS DE EXERCICIOS CERRADOS
68099	OUTROS REINTEGROS POR OPERACIONS DE CAPITAL DE EX. CERRADOS
72011	FNG AO PROXECTO CONCELLO DIXITAL-PADRON
72391	FNG- PROX. ECOSISTEMA DIXITAL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA
76200	ACHEGA DE CONCELLOS AO PLAN DE TRAVESIAS
79102	ACHEGA DO FEDER AO PROX.GEFRECON
82120	DE ENTIDADES LOCAIS
83100	REINTEGRO DE PAGAS CONCEDIDAS AO PERSONAL A L/P

Ingresos incorporados ao proceso

En xeral, e a teor do establecido na IGAE/2004, os ingresos incorporables ao proceso son aqueles que poden vincularse a actividades finalistas concretas. Estes ingresos compararanse posteriormente cos custos das mesmas para obter a marxe correspondente, o que permitirá a obtención dunha información precisa orientada á mellora da xestión dos recursos. Así temos:

- Taxas: os ingresos xerados por taxas supoñen unha relación directa cos bens que os xeran, debido á existencia dunha contraprestación.

  Neste caso non procede establecer criterios de imputación, senón que a relación *custo actividade / ingreso que xera* é inmediata.

- Prezos Públicos: Recollen as contraprestacións pecuniarias que, a título de prezo público, se satisfagan á Deputación pola prestación de servizos ou a realización de actividades finais desde a perspectiva de custos.

  Neste caso existe unha correspondencia total entre os conceptos orzamentarios de ingreso que conteñen este tipo de ingresos e as actividades finais relacionadas.

- Subvencións Correntes e de Capital: Incorpóranse ao sistema aquelas que se destinan a financiar actividades correntes no primeiro caso e operacións de capital no segundo, sempre que ditas actividades e operacións sexan específicas e concretas. Ao mesmo tempo tense

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

que dar a condición de que os gastos que financian deberán ser tratados como cargas incorporables ao proceso de custos. No caso de ingresos afectados a gastos, aínda que se poden dar situacións de posibles desfasamentos temporais, tivéronse en conta a efectos do cálculo de marxes de cobertura debido á entidade deste tipo de ingreso.

Quedan en todo caso, excluídas do sistema, as transferencias globais non afectadas a unha actividade.

A concreción das subvencións integradas no sistema fai que a asociación ás distintas operacións non presente particularidades a resaltar**.**

- Outros Ingresos: Inclúense neste apartado os seguintes ingresos:

  1. Compensación servizo de atención a menores no F.I. Emilio Romay, estes ingresos están vinculados á actividade 2C*"Atención á infancia no F.I. Emilio Romay"*

  2. Compensación servizo de atención a menores no C.D.M. de Ferrol, estes ingresos están vinculados á actividade *2D "Atención á infancia no centro de día de menores de Ferrol".*

Como situacións a comentar dentro deste apartado de ingresos, destacan:

- *Reintegro por prestacións I.L.T.*: Tal e como se expuxo no apartado 5.1- "CUSTO DE PERSOAL" deste informe, o importe dos reintegros recibidos por prestacións de Incapacidade Laboral Transitoria, restarán do total do custo de persoal a pesares de que, desde o punto de vista orzamentario, trátense como un ingreso do Capítulo 3 do Estado de Ingresos. Polo tanto, o importe do reintegro das prestacións I.L.T deberase considerar un ingreso non imputable a custos (actividade 999999). Desta maneira considerarase maior custo da Organización unicamente o custo das baixas que non foi reintegrado pola Seguridade Social.

- *Costas do procedemento recadatorio*: Estes ingresos deberían distribuírse entre a actividade 9Z-1 *"Xestión e Recadación de Recursos propios"* e a 9Y*"Inspección, Xestión e Recadación de Recursos alleos"* en base á porcentaxe que os valores correspondentes aos recursos incluídos en cada unha das actividades supoñen con respecto ao cargo bruto. Dado que a porcentaxe de valores de recursos propios é do 0,44 % e o de recursos alleos 99,56 % consideramos desprezable o importe a imputar á actividade 9Z-1 co que todo o importe impútase á actividade 9Y.

  No seguinte cadro amósase a relación entre os ingresos tratados no estudo e as actividades/centros de custo definidas:

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Clasificación Económica	Descrición Clasificación Económica	Centro de custo /Actividade	Descrición Centro de Custo/Actividade
31200	TAXAS POR SERVIZOS CONSERVATORIO P. DE DANZA	3E	ENSINANZA ARTÍSTICA NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA
32500	TAXAS POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMI-NISTRATIVOS	9C-3	ACTIVIDADES XERAIS DEPUTACIÓN
32900	TAXAS POR PUBLICACION DE ANUNCIOS NO BOP	9E-1	PUBLICACIÓN BOLETINS
32901	TAXAS POR SERVIZO DE RECADACION PROVINCIAL	9Y	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS
33900	TAXAS POR AUTORIZACION EN VIAS PROVINCIAIS	4H-3	EXPEDICIÓN LICENZAS AUTORIZACIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS
34200	PREZO PUBLICO CENTRO RESIDENCIAL D. ROSALIA MERA	3C-1	SERVIZO DE ALOXAMENTO DE ESTUDANTES NO CENTRO ROSALÍA MERA
34201	PREZO PUBLICO INSTALACIONS AULAS ROSALIA ME-RA	3C-4	SERV.UTILIZACIÓN AULAS E TALLERES DO IES ROSALÍA MERA
34900	PREZO SERVIZO INSTALACIONS PAZO DE MARIÑAN	9AF-1	PAZO DE MARIÑÁN. ACTIVIDADES EXTERNAS
361	INGRESOS P/ACTIVOS CONSTR OU ADQUIRIDOS PA-RA OUTRAS ENTIDADES	900008	IMPUTACIÓN DIRECTA
39902	CUSTOS DO PROCEDEMENTO RECADATORIO	9Y	INSPECCIÓN, XESTIÓN E RECADACIÓN RECURSOS ALLEOS
39904	COMPENS.SERV.ATT.MENORES F.I. EMILIO ROMAY	2C	ATENCIÓN A INFANCIA NO F.I. EMILIO ROMAY
39905	COMPENS.SERV.ATT.MENORES C.D.M. DE FERROL	2D	ATENCIÓN A INFANCIA NO CENTRO DE DIA DE MENORES DE FE-RROL
39906	COMPENS. SERV. COMEDOR RESIDENCIA IES ROSA-LIA MERA	3C-1	SERVIZO DE ALOXAMENTO DE ESTUDANTES NO CENTRO ROSALÍA MERA
42092	FNG AO PROXECTO CONECTA RURAL	3F	ACCIONS PARA A PROMOCIÓN EDUCATIVA
42099	OU. TRANSF. CORR. DA ADMINISTRACION XRAL. DO ESTADO	9AM	DEREITOS CIVÍS
45030	TRANSF. CORR. CUMP. CONVENIO CC.AA. EN MATE-RIA DE EDUCACION	900008	IMPUTACIÓN DIRECTA
45080	OUTRAS SUBV. CORR. DA ADMINISTRACION XRAL. DA CC.AA.	900008	IMPUTACIÓN DIRECTA
45101	SUBV. DE OOAA E AXENCIAS DA CCAA.	3D	ENSINANZA SECUNDARIA NO I.E.S. PUGA RAMÓN
49012	ACHEGA DO FEDER AO PROX.PEL-RURINNOVA	2I	ACCIONS DE FOMENTO DE EMPREGO
49013	ACHEGA DO FEDER AO PROX.PEL-RELEVO	2I	ACCIONS DE FOMENTO DE EMPREGO
49112	ACHEGA DO FEDER AO PROX.GEFRECON	2I	ACCIONS DE FOMENTO DE EMPREGO
49700	ACHEGA DA COMISION EUROPEA AO PROX. EUROPE DIRECT	9P	PUNTO DE INFORMACIÓN EUROPEO
53410	DE SOCIEDADES E ENTIDADES NON DEPENDENTES DE EE.LL	900008	IMPUTACIÓN DIRECTA

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Clasificación Económica	Descrición Clasificación Económica	Centro de custo /Actividade	Descrición Centro de Custo/Actividade
68099	OUTROS REINTEGROS POR OPERACIONS DE CAPITAL DE EX. CERRADOS	900008	IMPUTACIÓN DIRECTA
72011	FNG AO PROXECTO CONCELLO DIXITAL-PADRON	4K	ACTUACIONS RELATIVAS A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E ANÁLOGOS
72391	FNG- PROX. ECOSISTEMA DIXITAL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA	3I	PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, OCIO E TEMPO LIBRE
76200	ACHEGA DE CONCELLOS AO PLAN DE TRAVESIAS	4I	CARRETERAS, TRAVESÍAS E OUTRAS INFRAESTRUTURAS PROVINCIAIS
79102	ACHEGA DO FEDER AO PROX.GEFRECON	2I	ACCIONS DE FOMENTO DE EMPREGO

Ingresos non incorporados ao proceso

Como vemos, os elementos de ingreso incorporados ao proceso correspóndense, fundamentalmente, con aqueles nos que existe unha relación directa cos bens que os xeran: prezos públicos, taxas, subvencións para actividades específicas…

Ese tipo de elementos de ingreso son os que determinan a marxe de cobertura das actividades con eles relacionados. Non obstante o anterior, existen outro tipo de ingresos, que polo seu carácter global non se poden incorporar ao proceso de obtención de custos de actividades finais. Estes ingresos son fundamentalmente as transferencias xenéricas, a cesión de impostos, multas e sancións, recargas e intereses de demora e intereses de contas, entre outros. Tampouco se inclúen neste estudo os ingresos de canon por concesións administrativas ou aproveitamentos especiais, cando non exista unha relación directa coas actividades finais definidas.

Doutra banda, e de conformidade cos argumentos esgrimidos en gastos, tampouco se terán en conta os ingresos do capítulo 8 correspondentes ao reintegro de préstamos concedidos ao persoal e ás entidades locais, nin os relativos ao capítulo 5 de intereses de contas bancarias.

8.- INDICADORES DE ACTIVIDADES FINAIS: INDICADORES DE XESTIÓN

Obtivéronse os indicadores de xestión recollidos na ICAL/2013 para as actividades finais, naqueles casos nos que procede o seu cálculo e se dispón dos datos para iso.

É necesario indicar que dado o contido dalgunhas das actividades e o tipo de servizos que presta unha entidade coma a Deputación, non procede a obtención de moitos dos indicadores ou non se dispón da información necesaria para elo.

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 15/05/2026 15:01
MERCEDES ALONSO GARCÍA
Data e hora: 15/05/2026 14:56
MARÍA DEL CARMEN ALVAREZ VAZQUEZ
Data e hora: 15/05/2026 14:33
JOSEFINA MARTÍNEZ GOLPE
Data e hora: 15/05/2026 14:29
https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a
Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
771573184cc83a4ff5df52355b0466c7038d825a

Cabe sinalar as seguintes particularidades:

- *Indicadores de eficacia:*

  No indicador *Número actuacións realizadas/Número actuacións previstas* consideráronse como número de actuacións previstas as actuacións realizadas no exercicio anterior, agás no caso da residencia de estudantes, os institutos e o conservatorio de danza nos que se considerou o número máximo de prazas ofertadas como actuacións previstas.

